

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía forma a cuarta promoción de profesionais para realizar informes periciais nos procesos xudiciais

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2016. Este sábado 16 de xaneiro a sección de Psicoloxía Xurídica do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia desenvolve o IV Obradoiro sobre informes periciais e asistencia á vista, dada a elevada demanda que tiveran as tres edicións anteriores. O obradoiro será impartido por Carmen González Pais, psicóloga forense, que conta con alta experiencia profesional no eido da psicoloxía forense, concretamente na avaliación da credibilidade, da imputabilidade e da agresión sexual, e que desenvolve o seu labor na Unidade de Psicoloxía Forense (USC), de recoñecido prestixio e referencia de investigación en técnicas forenses, tanto nacional e internacional.

Este curso de formación, que terá lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía, entra dentro do proxecto anual de formación proposto pola Sección de Psicoloxía Xurídica, e vai dirixido a todos aqueles profesionais psicólogos e psicólogas que leven a cabo intervencións nos diferentes procesos xudiciais, e especialmente a aqueles profesionais noveles que desexen formación neste campo.

Con este obradoiro preténdese dar a coñecer as diferentes fases e metodoloxías para a elaboración do informe pericial. Concretamente, dotar os psicólogos e psicólogas forenses que participen dos instrumentos así como das habilidades e competencias que lle permitan abordar dunha maneira máis eficaz a súa función como peritos. Así mesmo, afondar na identificación das dificultades coas que se poidan atopar na realización da pericia, tanto á hora de avaliar como de redactar ou defender o informe pericial na vista oral.

A formación continuada ten como consecuencia a excelencia na actuación profesional así como a súa adecuación cada vez maior a unha práctica deontoloxicamente impecable, que son dous dos obxectivos nos que se segue traballando dende o Colexio de Psicoloxía de Galicia e especialmente dende a Sección de Psicoloxía Xurídica.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.org